

Manuel María, testemuña da tribo

A Terra Chá, do principio ao final, limita en todo o seu perímetro da "rosa-rosae" dos ventos con Manuel María, e vaia onde vaia o chairego alí sempre estará, máis que na memoria, a casa paterna de Hortas, o regato do Cepelo, ou o campo de Santa Isabel. Francisco Fernández Naval entrevista a Manuel María para o Canal Tempos de Vieiros. O perfil corre a cargo de Felipe Senén.

- 07:38 13/06/2000

Ó Manuel floreoulle a barba falando en tertulia, amigo de agasallar aos amigos, que non deben faltar a semellantes liturxias, conferenciando sobre Galiza en tribunas, púlpitos, tarimas ou patíns, lendo, catando de vagar os bos viños de toda terra visitada, enséña de ascese, saber e sabor das terras. Non se presente pois confusa a súa tese: non foi nin será un galego "domesticado" polo alleamento, só humildemente axionallado ante o altar da inmensidade de Galiza e de cantos a fixeron.

- Unha vida de escritor... ¿como valoras esta experiencia?

- Moi positivamente, agora, o que me preocupa é como o valoran os demais. Escribir para min é comunicarte cos teus semellantes...

- Ó mellor por iso es o poeta galego con maior obra publicada...

- Teño unha grande facilidade para escribir, eu escribín ó longo de toda a miña vida, dun xeito bastante espontáneo, segundo me ían saíndo as cousas. Tamén fixen o que eu quixen, porque nunca me propuxen ser escritor profesional, nin sequera no xornalismo, que é unha forma de profesionalización da escrita, porque paréceme que o que debe ser un escritor, fundamentalmente, é un home libre e se tes que escribir ó dictado, por un afán de supervivencia, é moi difícil....

- Deixas de escribir o que che di o corazón...

- Se te profesionalizas e non tes un éxito na xuventude que che permita unha certa independencia, pois entón, claro, tes que servir a quen che paga, que para iso paga, e o que paga esixe sempre.

- Dicias antes que escribías espontaneamente, sen embargo en diferentes épocas traballaches dende diferentes perspectivas estéticas ou éticas: surrealismo, realismo, vangarda, o cal implica unha reflexión.

- Eu escribín por impulsos sempre, agora si é posible que cos anos o fixese dun xeito máis reflexivo e nesta

última etapa escribín varios sonetos, aínda que non sexan bos, os sonetos si esixen traballo, porque é un xénero realmente difícil. E logo tamén con parte da poesía rimada. De mozo tiña máis facilidade para escribir versos, sobre todo octosílabos, versos rimados e medidos, que teño na actualidade.

- A túa pretensión ás veces confesada, é que se salve un só verso da túa obra, ¿pensas cumprido este obxectivo?

- Para min a poesía é algo moi serio, moi importante, moi difícil, require unha especie de estado de gracia. Eu teño moi presente un verso de Cunqueiro, dun poema pouco coñecido, dedicado a Xan de Requeixo, que di: “mil anos para un verso son unha mocidade”, iso é o que quixera acadar e estaría moi contento se o acado, pero paréceme moi difícil. Ó longo da historia da nosa literatura, hai grandísimos poetas e no mundo, hai grandísimos poetas e polo tanto a meta paréceme case inalcanzable...

- Hai anos recomendábaslle á mocidade “Vivir, sempre vivir, agora denantes, despois”, segues dicindo o mesmo...

- Si, a min paréceme que vivir é importante, agora, vivir cunha conciencia clara cara á vida, cunha actitude de comprensión, de asombro e mesmo de inocencia. Eu distingo o vivir do existir.

- O teu labor poético é o máis coñecido e extenso, pero escribiches teatro, narrativa...

A poesía paréceme o xénero literario máis perfecto, máis fondo e máis transcendente. A poesía é unha aprendizaxe para dominar a lingua, para dominar a túa propia expresión, quen domine a súa expresión, di o que quere. En canto ó teatro, escribino fundamentalmente por encargo, porque mo pedían grupos que eu coñecía, mestres de escola, algúns amigos, como é o caso da Berenguela, que é unha peciña de teatro infantil que me pediu un amigo de Monforte, para un teatriño que tiña cos rapaces.

Nalgún caso, como foi o Barriga Verde, parecíame que era un teatro que levaba moitos anos rodando por Galicia, que estaba feito nun galego bastante acastrapado, que tiña uns personaxes xa elaborados e que era un pouco como a Comedia del Arte, que cada representación era unha improvisación do texto, intentei fixalo un pouco. O Barriga Verde, cando saíu en Castrelos, tivo moi rapidamente tres edicións e as edicións daquela eran de 5.000 exemplares e a min aquilo pareceume asombroso. Agora hai unha reedición moderna, o que pasa é que non está nunha editora comercial, non se ve nas librerías, e vai bastante peor.

- Quizais o teu teatro corresponde a un momento no que había un afloramento importante de grupos e non había textos...era como cubrir unha carencia...

- Realmente era así. Algúns textos había, o que pasa é que eran edicións de antes da guerra, inaccesibles. Había grupos ós que incluso lles había que facer unha obra contando co número de actores, con pouca complicación escénica e cunha serie de condicionantes, así fun facendo teatro. Debo ter escritas sobre vinte pezas e case todas están representadas e moitas publicadas, e unha delas, que é un Edipo, premiada aló en Buenos Aires, nunca se editou nin se representou.

- E queda a narrativa, na que acaso recollas a túa memoria...

Empecei a escribir narrativa polo ano 51. Tiña un amigo que era funcionario de Gobernación que se chamaba Antonio Ron. A oito quilómetros de Lugo alugaba unha casa no verán. A min convidábase a pasar alí unha quincena. A muller, inspectora de escolas, unha señora moi culta e moi simpática, Maurita Pascual, polas mañás obrigábase a escribir algo. Estando alí, foi cando ordenei os poemas que tiña dispostos e Antonio

mandounos a Buenos Aires, ó concurso de poesía e acadei o premio de poesía, xuntamente cunha obra de teatro de Carballo Calero e con Anxel Fole.

Entón non tiña moitas ganas de escribir versos e escribín unhas narracións moi sinxelas, que son os Contos en Carto Crecente, que é o meu primeiro libro, logo metino nos Ontes do Silencio. Despois de vez en cando, fun escribindo algunha narración, pero dun xeito marxinal, sen o entusiasmo e sen a emoción con que escribín poesía. De todos os xeitos o escribir teatro divertíume moito, escribindo narración pasábao ben, ata que veu a triloxía que está no Barco de Vapor, que a min o que me gusta é o primeiro, Cando o mar foi polo río.

- Imos recordar o tempo en que sae Muiñeiro de Brétemas, o primeiro libro en galego, logo da guerra civil

De rapaz fun á escola a Rábade e tiñamos un mestre en Rábade que as clases dos sábados dedicábaas a ler, tiña dúas antoloxías da literatura galega, a de Carré e a de Álvaro das Casas, a ler e a comentar textos en galego. Na casa, meu pai tiña tamén algúns libros en galego. Na casa había un xornaleiro que era Paderna, que era un poeta popular e que falaba en verso e que me meteu o vicio de facer versos. Logo ó morrer meu pai, con doce anos fun vivir cun tío cura a Lugo, de vocación tardía e profesor de filosofía do feminino, con el empecei a ler ós clásicos e a min gustábame a poesía, incluso parte do diñeiro que me daba dedicábao a comprar libros de versos. Así empecei a escribir.

Cando estaba en sétimo curso de bacharelato, no ano 49, con Sopena, compañeiro de instituto, fixemos unhas follas de poesía que se chamaban Xistral. Aquilo acabou moi mal, non lle demos feito fronte ós gastos, fixémosla dun xeito totalmente inconsciente, daquela a censura era moi férrea, nin mandamos nada á censura, nin nada de nada, e os números pagáronos a nai de Sopena e o meu tío cura. Aí empecei a escribir en galego. Logo nese mesmo ano, organizaban no Círculo das Artes, un ciclo que se chamaba Xóvenes valores lucenses, falaba xente nova, eran charlas que había no salón de columnas do círculo. O meu catedrático de literatura, que era salmantino, Don Lázaro Montero, convenceume para que pronunciase unha conferencia, e falou con Celestino Fernández de la Vega e din a miña primeira conferencia, que era sobre as Vangardas. E a aquela conferencia foron entre outros Anxel Johán, Luis Pimentel e un personaxe moi importante en Lugo que era Don Juan Rof Codina, pai de Rof Carballo e...logo xa me integrei na peña literaria primeiro do Cantón Bar e do Méndez.

Logo no 49 coñezo a Piñeiro, que acababa de saír da cadea, había un ambiente pro galeguista e xa empecei a ler os libros que me pasaba Pimentel e os amigos, algo da poesía galega moderna, por exemplo Cómaros Verdes de Aquilino e no verán do 49 escribín Muiñeiro de Brétemas, en Outeiro de Rei. Nese curso, do 49 ó 50, Aquilino Iglesia Alvariño gañou a cátedra de latín de Lugo e no 49 ademais aparecera Benito Soto e foi Aquilino o que forzou a Pimentel a que reunise eses poucos poemas que son Triscos. No ano 50 marchou de catedrático de latín a Pontevedra e foi o noso enlace para que saíse o Muiñeiro e o libro de Pimentel. Aquilo en Galicia fora bastante sorpresa, todos os vellos galeguistas, por exemplo Otero Pedrayo, Cabanillas, pois escribíronme e celebráronme moito o libro...

- ¿Tiñas algunha conciencia de que se iniciaba un novo proceso histórico...?

- Non. Quizais máis tarde. A actitude de Otero, tamén de Cabanillas, do mesmo Cuevillas, o cariño co que te trataban, a camaradería, si que me sorprendeu un pouco, o mesmo Aquilino, logo nese ano coñecín a Cunqueiro, e claro, andando os anos dinme conta de que eles en min viron que había unha posibilidade de continuidade e unha esperanza de futuro. Nestes mesmos anos, xorde Cuña Novás en Pontevedra, Novoneyra que viña de Madrid e ó que eu xa coñecera no bacharelato, empeza a escribir en galego, e nace o primeiro núcleo. Tivemos moita relación coa xente da xeración Nós, con Risco, con Otero, Cuevillas e

Cabanillas, era unha perfecta irmandade, eu mesmo coa xeración seguinte, que era a do seminario, con Bouza Brey, Fraguas. Aquilo era unha irmandade, que quizais tiña a súa orixe naquilo que tiñan de chamarse irmáns, que eran irmáns na fala, debía vir das Irmandades de Fala, polos anos sesenta xa se rompeu...

- Aínda eran os tempos dos Bos e Xenerosos...

- Si, eran os tempos dos Bos e Xenerosos....., logo todo aquilo perdeuse

- Aínda sabendo da tristeza que pode producir, pero tamén pola ledicia de lembralo, fáleme de Novoneyra...

- Eu fun o que puxen a Cuña en contacto con Novoneyra. Chegamos a formar unha verdadeira irmandade. Novoneyra e eu coñecémonos nos últimos cursos do bacharelato, el estudiaba na academia Balmes, facíamos versos en castelán, tiñamos o proxecto de facer un libro en común e publicalo. Logo el foise a Madrid a estudar teoricamente, letras e dereito. Volvemos coincidir no servizo militar en Parga e lemos os dous a Noriega.

Novoneyra entra en contacto coa peña do Español de Santiago, con Piñeiro, Maside, Otero Pedrayo, Bouza Brey, García Sabell, pouco a pouco vaise galeguizando e nacen Os Eidos. Nos anos da nosa mocidade andabamos sempre xuntos por aí, un tiraba polo outro, o diñeiro que tiña un, era do outro, foron anos de moita relación. Nunha ocasión cheguei a pasar un mes no Caurel, dos amigos del, a nai, que era unha muller de pazo, moi faladora, moi boa cocineira, a min chamábame fillo, dicíame Uxío que fora o único amigo ó que chamaba fillo. Despois, cando viña a Lugo, comiamos xuntos e sempre nos víamos. Logo casei eu, no 59 e viña por Monforte, aínda el solteiro, falabamos, e logo casou el, seguiu no Caurel, viámonos cando baixaba, ata agora, xa, ultimamente...

- ¿Por que pensas que se produce a ruptura dentro do galeguismo?

- Todos eramos amigos, todos lectores de Castelao. Cando a xuventude, sobre todo a xeración de Brais Pinto: Patiño, Ferrín, Crieiro, se empezan a politizar, empezan as tendencias e sobre todo as tensións, todo aquilo que se malogrou, que sería o Consello da Mocidade, foi unha fractura importante, que decantou dun xeito xa moi claro o que sería por un lado o PSG e por outro lado a UPG. A min paréceme que Ramón Piñeiro foi moi negativo, que houbo cousas realmente graves, que como dicía Otero, é mellor botar un tupido velo sobre elas...